



Cursos CALC, CALG e de Idiomas

CURSOS CALC, CALG e de IDIOMAS

Estes cursos teñen unha duración de **60 horas** e desenvólvense de xeito PRESENCIAL ou SEMIPRESENCIAL durante o **1º ou 2º cuadrimestres** do curso escolar (de setembro a xaneiro e de xaneiro a maio). Os imparten profesorado das EEOOI, e teñen lugar nas aulas das EEOOI ou nas súas extensións.

As persoas asistentes que **cumpran co requisito de asistencia** recibirán un certificado de formación do profesorado pero **non de acreditación de nivel lingüístico**; para iso deben superar as probas oportunas nunha entidade certificadora, como por exemplo as EEOOI.

Requisito de asistencia

Requisito de asistencia nos **cursos presenciais**:

1. Asistir cando menos ao 85% das sesións presenciais. Non se pode xustificar ningún tipo de ausencia.

Requisito de asistencia nos **cursos semipresenciais**:

1. Asistir cando menos ao 85% das sesións presenciais. Non se pode xustificar ningún tipo de ausencia (*).
2. Entregar alomenos o 80% das tarefas asignadas (*).

(*). Nos cursos semipresenciais cúmprese co requisito de asistencia cando simultaneamente se acadan estas dúas condicións. Non se pode xustificar ningún tipo de ausencia.



Cursos PRESENCIAIS

Os cursos **presenciais** constan de 2 días de clase á semana de asistencia obrigatoria, 2 horas cada día.

Cursos SEMIPRESENCIAIS

Os cursos **semipresenciais** constan de 1 día á semana de asistencia obrigatoria (2 horas) e 1 día á semana adicado a traballo autónomo por parte dos asistentes, consultas e apoio tutorial (2 horas) a través da plataforma MOODLE.

Os días que figuran para **consultas e apoio tutorial**, o alumnado ten a posibilidade de consultar dúbidas en liña co seu profesor/-a. Neses días non hai asistencia obrigatoria na EOI, nin son clases online. Este tempo é asignado para que os participantes o adiquen a preparar a materia na casa, consultar dúbidas en liña e realizar as tarefas que se marquen, aínda que o poden facer noutras horas durante a semana. Para esta parte non presencial, compútase a asistencia a través da entrega das tarefas que se asignen. Cada participante deberá completar e entregar o 80% das tarefas.

CURSOS CALC

Os Cursos de Actualización Lingüística e Comunicativa (CALC) están orientados ao desenvolvemento das competencias lingüísticas e comunicativas nunha lingua estranxeira, co fin de que o profesorado participante acade a capacidade lingüística e comunicativa necesaria para poder impartir docencia nas súas aulas baixo estas premisas. Por este motivo, os CALC están dirixidos preferentemente ao profesorado de centros plurilingües e seccións bilingües que debe impartir a súa materia nunha lingua estranxeira, pero pode matricularse calquera persoa docente en activo que desexe actualizar os seus coñecementos lingüísticos.

Estes cursos teñen como obxectivo a **preparación do profesorado para a superación das probas de certificación das EOI**, nos niveis intermedio B1 e B2, e avanzado C1 e C2.

Probas de certificación de nivel de lingua (cursos CALC/CALG)

As persoas participantes **nos cursos CALC/CALG¹** que cumpran co requisito de asistencia e desexen realizar as probas de certificación das EEOOII no idioma e nivel cursados deberán formalizar a oportuna **matrícula²** na EOI. Estes participantes terán carácter de alumnado oficial para os efectos do número de convocatorias. Con todo, o dereito a presentarse ás dúas convocatorias quedará supeditado ás instrucións que emita a este respecto a Dirección Xeral de Formación Profesional.

¹ Únicamente se aplica aos participantes nos cursos CALC/CALG.

² Os exames oficiais (convocatorias ordinaria e extraordinaria) celébranse no mes de xuño de cada ano. **As EEOOII abren un período de matrícula para o alumnado dos cursos CALC/CALG, polo xeral entre marzo e maio.**



Os participantes que non cumbran co requisito de asistencia e desexen realizar as probas de certificación, deberán facelo por **LIBRE**³. O alumnado non poderá estar matriculado no mesmo idioma e nivel no mesmo ano académico por ensino oficial e libre simultaneamente.

Requisitos de acceso aos cursos CALC, CALG e de Idiomas

Para acceder a un curso CALC é necesario posuír o certificado/título que xustifique o nivel de lingua inmediatamente anterior ao do curso que se vai cursar, segundo a escala de niveis do MCERL (A1-A2-B1-B2-C1-C2). A relación de certificacións e os niveis aos que corresponden figuran na *ORDE do 21 de xuño de 2016 pola que se modifica a Orde do 18 de febreiro de 2011 pola que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes desta consellería* (DOG do 7 de xullo de 2016).

As persoas que **xa teñen recollido no seu expediente persoal** un nivel de lingua determinado, non é necesario que volvan presentalo no CFR (no caso de seren admitidos a un curso).

Proba de nivel para participar en cursos CALC

As persoas que NON POSÚEN ningún título/certificado⁴ que xustifique o nivel de lingua requirido para acceder a un determinado curso CALC deberán facer a **Proba de Nivel para participar en cursos CALC**, a cal ten lugar antes do inicio dos mesmos nos CFR e CAFI. Para realizar esta proba as persoas interesadas **deberán inscribirse en FPROFE** na proba e lugar (CFR ou CAFI) no que desexan facela. O resultado desta proba indicará o nivel que poden cursar.

As persoas que xa posúen un título/certificado recollido na ORDE do 21 de xuño de 2016 **NON TEÑEN** que realizar a Proba de Nivel.

Inscripción nos cursos CALC, CALG e de idiomas.

- A inscrición se realiza a través da aplicación fprofe: <http://www.edu.xunta.gal/fprofe/>, na pestana **Consulta/inscrición** >> **Consultar ou inscribirse**.
- Rematado o prazo de inscrición nos cursos, se leva a cabo un proceso de selección segundo os criterios establecidos no Plan Anual de Formación do Profesorado.
- A orde de inscrición NON é un criterio de selección.
- Cada persoa poderá inscribirse nun ou varios cursos, pero soamente poderá estar admitida nun deles, polo que deberá confirmar a asistencia no curso do seu interese e renunciar no resto.
- Logo de confirmar a asistencia a un curso, a persoa participante deberá remitir a certificación escaneada do seu nivel de lingua por e-mail (cfr.coruna.linguasestranxeiras@edu.xunta.gal) indicando o código do curso, e soamente no caso de que non teña recollido ese nivel no seu expediente persoal.

³ A Dirección Xeral de Formación Profesional organizará unha convocatoria das probas polo réxime libre para a obtención dos certificados de nivel básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1, nas datas que esta determine, no mes de **xuño**.

⁴ A relación de titulacións/certificados está recollida na *ORDE do 21 de xuño de 2016 pola que se modifica a Orde do 18 de febreiro de 2011 pola que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes desta consellería* (DOG do 7 de xullo de 2016).



Outra información de interese: facer buscas de cursos

En fprofe, na pestana [Consulta/inscrición >> Consultar ou inscribirse](#) podemos facer buscas dos cursos que hai ofertados, así como outras actividades relacionadas, p.ex. cursos CALC. Podemos seguir este exemplo para atopar as actividades, facendo uso dos filtros que temos á nosa disposición:

Filtros para a busca

Competencia profesional
-- Todas --

Centro de formación e recursos
A Coruña

Estado
En prazo ou actividades inscritas

Plan anual de formación
2025/2026

Buscar

Busca avanzada

Referencia

Título
CALC

Palabras en contidos/obxectivos

Modalidade
-- Todas --

Ensinanza
-- Todas --

Corpo
-- Todos --

Especialidade
-- Todas --

Trimestre
-- Todos --

Publicadas despois de ?

Formas de participación
-- Todas --

Este é o resultado da busca:

Resultados da busca

Premer sobre o título para acceder á ficha da actividade, onde hai información adicional (horarios, requisitos...)

Actividade	Forma de participación	Modalidade	Temporalización	Centro de formación e recursos	Inscrición	Contidos/Programa	Acción
Inglés. Curso de actualización lingüística e comunicativa (CALC). Nivel B1	Presencial	Curso	1º trimestre	A Coruña	Inscribirse		
Inglés. Curso de actualización lingüística e comunicativa (CALC). Nivel B1	Presencial	Curso	1º trimestre	A Coruña	Inscribirse		
Inglés. Curso de actualización lingüística e comunicativa (CALC). Nivel B2	Presencial	Curso	1º trimestre	A Coruña	Inscribirse		
Proba de nivel para participar en cursos CALC	Presencial	Xornadas	30/09/2020 - 30/09/2020	A Coruña	Inscribirse	https://www.edu.xunta.gal/centros/cfrcoruna/aulavirtual/course/view.php?id=759	

Premer neste botón para iniciar o proceso de inscrición



FAQs

Ítem	CALC	CALG	Idiomas
A inscrición teño que facela en FPROFE	SI	SI	SI
Trátase de cursos organizados polo CFR e impartidos por profesorado da EOI nas aulas da EOI.	SI	SI	SI
Se cumpro co requisito de asistencia recibiré un certificado de horas de formación do profesorado	SI	SI	SI
Se cumpro co requisito de asistencia recibiré un certificado de nivel de lingua polo idioma e nivel cursados	NON	NON	NON
Se cumpro co requisito de asistencia poderé matricularme para presentarme ás probas de certificación	SI	SI	NON
Aínda que non cumpra co requisito de asistencia recibiré un certificado polas horas asistidas ao curso	NON	NON	NON
O meu nivel de lingua requirido para o acceso aos cursos xa o teño no meu expediente persoal. Aínda así, terei que envialo ao CFR	NON	NON	NON
O meu nivel de lingua requirido para o acceso aos cursos NON figura no meu expediente persoal. Terei que envialo ao CFR	SI	SI	SI
Nun curso semipresencial asistín ao 85% das sesións presenciais e entreguei o 70% das tarefas asignadas, polo que cumpro co requisito de asistencia	NON	NON	NON
Estiven admitido/-a nun curso de Idiomas no 1º cuadrimestre, polo que teño preferencia para ser admitido/-a nun curso CALC / CALG do 2º cuadrimestre	NON	NON	N/A
Estou matriculado/-a por oficial na EOI e tamén estou admitido/-a nun curso CALC organizado polo CFR, xa que podo compaxinalos. Penso que son compatibles	SI	SI	SI
Eu non imparto docencia nunha lingua estranxeira no meu centro. Poderei inscribirme nun curso?	SI	SI	SI
Teño un certificado dunha institución que indica que he completado con éxito un curso dun determinado idioma e nivel, pero este certificado non figura na orde do 21 de xuño de 2016. Mo recoñecerán como válido?	NON	NON	NON